

# Tócaa de novo , Sam



## Tratamento do audio dixital

Creación de podcasts



A partires da reprodución da mítica escena de "Casablanca" búscase que realicen tratamentos da información e a creación de produtos dixitais que teñen que ver coas diferentes competencias e áreas de interese que poden desenvolverse. Ademais deberán afondar na procura, crítica e selección de información en formato dixital.

O alumnado visualizará a película Casa Blanca e despois de ler e analizar os contidos que se lle propoñen terán que elaborar un podcast. Para iso pode que necesiten o rexistro nalgunha das plataformas propostas.

O podcast entregarase a través da aula virtual no espazo xa creado para iso. É unha base de datos específica de podcast que está configurada para que mentres que non fagan a súa entrega non poden reproducir as entregas dos compañeiros. A plataforma permite a reprodución dos arquivos sen necesidade de descargalos.

Finalmente queda a decisión do profesor/a o tipo de cualificación que se lle queira otorgar para o cal se pode configurar na actividade.



# Estándares que se poden traballar

INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.

INEINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.

INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.

INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.

INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.

INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.

INEINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.

INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.

INEINB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.

INEINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.

INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.

INEINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.

INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.

INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.

INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.



O traballo destes estándares dependerá do enfoque final que cada docente elixa polo que poden variar. Esta non deixa de ser unha proposta que pode ser adaptada ás necesidades particulares de cada aula, alumnado ou centro.

